

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36010009	CEIP Virxe do Rocío	Vigo	2023/2024

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	6
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	6
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	10
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	13
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	14
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	14
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	20
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	23
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	31
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	44
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	44
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	46
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	47
o) Outros apartados	47

**a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

C.E.I.P. "VIRXE DO ROCÍO".

R/ Rocío, nº 70. 36208 Vigo.  
Código: 36010009

PROVINCIA : PONTEVEDRA (36) CONCELLO: VIGO(36057)  
TELÉFONO: 886 120 860 / 886 120 862

TELÉFONO MÓBIL: 658 715 569

E-CORREO: ceip.virxe.rocio@edu.xunta.gal

Web da escola: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxerocio/>  
INSTITUTO AO QUE ESTÁ ADSCRITO: IES. ALEXANDRE BÓVEDA.

O CEIP VIRXE DO ROCÍO, é unha pequena escola, de liña 1, situada no barrio de Bouzas, na parroquia de Vigo Centro, que se caracteriza por ser un centro multicultural, integrador e aberto. Achegado as nosas tradicións e a nosa lingua, que ao tempo aposta polas novas tecnoloxías integrándoas no quefacer diario. No Resío, traballamos en valores, conscientes de que o noso labor é a formación integral dos nosos alumnos.

Colaboramos e interactuamos coas familias, a contorna e as institucións da nosa cidade, cos ollos postos no horizonte do noso planeta.

Loitamos pola igualdade, especialmente a de xénero, tentamos fomentar no alumnado espírito crítico, animándoo a valorar o que se fai ben e a buscar alternativas para o que se fai mal.

O noso obxectivo é que os alumnos deixen a escola cunha boa formación e con criterio propio sobre o mundo que coñecen.

Aprendizaxe Cooperativa integrouse nas aulas do Rocío, chegando a converterse nun recurso imprescindible para as mestras e mestres. É un

instrumento ideal para lograr a inclusión e a cohesión social, e permitenos o desenvolvemento de estratexias de atención á diversidade na aula, facilitando o desenvolvemento das competencias básicas no alumnado. Os contidos traballados con esta metodoloxía afiázanse máis.

En resumo podemos dicir que nas aulas do Rocío, o traballo cooperativo forma parte das dinámicas das aulas o que permite acadar unha aprendizaxe eficaz, respectando as individualidades e os distintos ritmos de desenvolvemento e aprendizaxe. O traballo desenvólvese en grupos pequenos de alumn@s heteroxéneos para lograr obxectivos comúns de aprendizaxe. Deste xeito lograremos que os nosos alumnos sexan persoas capaces de cooperar e de establecer boas relacións humanas.

A LOMLOE di no seu artigo 6 que se entende por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas. Un destes elementos son os obxectivos, que poderíamos definir como os referentes relativos ós logros que o alumnado debe alcanzar ó rematar o proceso educativo, como resultado da experiencia de ensinanza e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

As programacións didácticas teñen como finalidade lograr os obxectivos xerais da educación primaria que se recollen no artigo 7 do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, que se irán acadando gradualmente ao longo de toda a Etapa e serán contextualizados nas mesmas programacións de acordo coa realidade do centro e dos grupos de alumnado. A educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

1. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

1. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

1. Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

1. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.

1. Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

1. Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

1. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

2. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

3. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

4. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

5. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

6. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

7. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

8. Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

9. ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

Tendo como referente o d155/22, do 15 de setembro, no artigo 8 se indica que. Competencias clave e perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico

1. As competencias clave da etapa, para os efectos deste decreto, son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

2. As competencias clave da etapa, así como os descritores operativos do grao da súa adquisición que estea previsto ao finalizar a etapa, interpretaranse de acordo coas definicións contidas no anexo I.

3. O currículo que establece este decreto ten por obxecto garantir o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída. A concreción do currículo que realicen os centros docentes nos seus proxectos educativos e funcionais terá como referente o devandito perfil de saída.

## **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

Elementos transversais

1. Na etapa de educación primaria trátaranse, como mínimo, aqueles contidos de carácter transversal que se citan a continuación e que se recollen nos números 9, 10 e 11 do artigo 16 do mencionado decreto:

- punto 9. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas.
- punto 10. De igual modo, desde todas as áreas promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.
- punto 11. Así mesmo, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.

2. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

3. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual

ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

4. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

O proceso de ensinanza aprendizaxe cada vez está menos compartimentado en materias curriculares diferentes. Así as competencias establecidas e a interrelación das diferentes capacidades e habilidades cos contidos curriculares propios e diferentes das áreas de aprendizaxe poñen este feito de manifesto.

Os obxectivos e criterios de avaliación entroncan directamente coas ensinanzas transversais que se enumeran a continuación e que estarán impregnadas no currículo, outros son elaborados como complemento da programación.

Son aspectos de impacto actual na nosa sociedade e de moita importancia polo que debemos tratalos.

- Educación para a igualdade entre homes e mulleres.
  - Fomentar o rexeitamento ante calquera discriminación por razón de sexo.
  - Conseguir unha visión do mundo libre de estereotipos sexistas buscando que o alumnado recoñeza situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.
  - Reflexionar e opinar sobre a igualdade de oportunidades.
  - Participar en obradoiros propostos polo Concello e/ou outros organismos.
  - Educación do consumidor: consumo responsable.
- Para previr o acoso publicitario, dende a escola debemos instrumentalizar actividades que fomenten o uso adecuado dos materiais en función da súa utilización e non por modas ou campañas publicitarias.
- Fomentar actitudes críticas ante o consumo excesivo e analizar o papel da publicidade na incitación ao consumo.
  - Interpretar e comprender mensaxes propagandísticos e publicitarios.
  - Reflexionar sobre as mensaxes transmitidas a través de calquera sistema verbal e non verbal.
  - Fomentar a produción e o consumo de produtos naturais. Incentivalo a través da horta escolar.
  - Educación ambiental: sostibilidade
  - Coidado da contorna.
  - Coidado do contorno escolar: limpeza do centro, recollida de papel, tapóns e pilas para a súa reciclaxe
  - Respeto polo medio natural que nos rodea.
  - Coñecer o medio como un sistema vivo onde o ser humano é un elemento máis, capaz de actuar sobre el, cuestionarlo e modificalo, aportando ideas e posibles solucións para a súa mellora e mantemento.
  - Comprender e producir mensaxes orais e escritos relacionados co mantemento do medio ambiente.
  - Mostrar as propias opinións achega da conservación do medio ambiente.
  - Aportar ideas e posibles solucións que comporten un compromiso persoal para mellorar o mantemento do medio ambiente, especialmente os espazos máis próximos.
  - Recollida selectiva dos residuos.
  - Nas merendas busca do "RESIDÚO 0"
  - Traballo na horta escolar.
  - Utilización da composteira como abono da horta.
  - Limpeza de praias e montes na contorna próxima.

- Educación para a saúde. Educación sexual.
  - Coñecer e practicar hábitos elementais de hixiene, alimentación e coidado persoal que melloran a calidade de vida.
  - Promover unha alimentación adecuada, sobre todo nas merendas que traen ao centro, creando un calendario de merendas que orienten ás familias.
  - Fomentar o exercicio físico, que debe ser adecuado, estruturado para acadar unha boa calidade de vida.
  - Valorar a importancia de coñecer noicións básicas de primeiros auxilios.
  - Coñecer e apreciar os aspectos biolóxicos, emocionais e sociais da sexualidade, e concibir a sexualidade como mostra de plena comunicación entre as persoas e de afecto cara aos demais.
  - Celebración do LGTBI
  - Educación inclusiva
  - Inclusión plena respectando as diferenzas.
  - Atención educativa a ANEAE.
  - Patios inclusivos.
  - Educación para a paz e a convivencia. A escola é o lugar idóneo para poder aprender coa experiencia propia as actitudes básicas e necesarias para unha boa convivencia. A construcións de vivencias que estimulen o diálogo como vía de resolución de conflitos entre persoas ou grupos será un obxectivo prioritario.
  - Compromiso na defensa dos dereitos humanos.
  - Superación de todo tipo de discriminacións e situacións de insolidaridade.
  - Respeto e ser tolerancia coa diversidade de linguas existentes.
- Dende a escola desenvolveremos diferentes actividades que impliquen a participación dos distintos membros da comunidade educativa, baixo as premisas de cooperación e respecto, que contribuirán no fomento de actitudes favorables á convivencia dentro dos distintos sectores, alumnado, profesorado, familias,..., sen discriminación por idade, raza, sexo, relixión ou niveles de habilidade. Levaranse a cabo a celebración de diferentes conmemoracións tales como o Día da Non Violencia. Trataremos de implementar dende o Departamento de Orientación da escola o programa de "Mediación entre iguais".
- Tomaremos medidas para mellorar a convivencia entre os alumnos e alumnas e entre os mestres.
  - Darase publicidade aos DOCUMENTOS do centro a través da Web da escola.
  - Publicitaranse as NOFC (NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO), en tódolos sectores educativos. O alumnado debe coñecer os seus dereitos e as súas obrigas; os pais e os mestres tamén.
  - Fomentaranse os hábitos de traballo e respecto entre eles e cara os demais.
  - Educarase contra todo tipo de dependencias: tabaco, alcohol, drogas, xogo,...
  - Tentarase dar resposta a todas as necesidades de integración e compensación escolar que xordan ao longo do curso.
  - Establecemento dun plan de mellora das normas de educación e cortesía.
  - Colaboración cos colectivos e organizacións do barrio, participando nas actividades que estes organicen.
  - Participación nos programas educativos que axuden ao noso alumnado a desenvolverse como persoas.
  - Educación moral e cívica.
  - Contribuír a que todos os nosos alumnos/as, aprendan a convivir na nosa escola como espazo democrático, preparándoos para a vida futura e



mellor inserción social.

- Fomentar valores e principios que sosteñan unha vida pacífica fora de racismos e intolerancias.
- Defender activamente os dereitos e deberes de cada membro da sociedade e valorar o diálogo como instrumento para solucionar os problemas de convivencia e para transmitir ideas, pensamentos e opinións, respectando os xuízos e as opinións alleos.
- Respetar as regras propias do intercambio comunicativo.
- Desenvolver a autonomía persoal e tamén as posibilidades de tomar iniciativas e establecer relacións afectivas nas actividades físicas e nas relacións de grupo.
- Comprender e valorar as características e as calidades das persoas que o rodean, establecendo relacións equilibradas e construtivas.
- Desenvolver condutas d respecto cara os seus compañeiros e compañeiras, alorándoo e aceptándoo tal e como son, evitando todo tipo de condutas agresivas, tanto verbais como físicas e de rexeitamento.
- Tentar que o alumnado adquira hábitos intelectuais e de técnicas de traballo. Estas estratexias de traballo serán conseguidas no traballo diario na aula e complementaranse coas tarefas extraescolares que lles proporcionarán responsabilidade e hábito de traballo. Estas tarefas serán proporcionais á idade do alumnado.
- Dirixirse con respecto e educación a tódolos mestres do centro.
- Educación viaria.
- Coñecer e respectar as normas básicas para desprazarse como peóns e como usuarios dun medio de transporte.
- Reflexionar sobre a propia conduta como peón, viaxeiro e condutor.
- Empregar o parque de educación vial municipal.
- Traballo de aspectos espazo-temporais e e orientación.
- Coñecemento de sinais e normas de circulación como peóns, como condutores ou como usuarios dun medio de transporte público.
- Participar en charlas do Plan director.
- Educación para o lecer.
- Ensinarase a gozar do tempo libre por medio de actividade física, en contacto coa natureza a través de xogos tradicionais.
- Educación dixital.
- Levar a cabo o Plan TIC do centro.
- Desenvolver un traballo dixital en todo o alumnado aproveitando os recursos da aula STEAM.
- Uso das TIC como ferramenta en todas as áreas para buscar, elaborar e transmitir información.
- Participar en charlas do Plan director sobre uso seguro de Internet.

En tódalas áreas traballarase:

- A comprensión lectora: saber comprender é un dos grandes obxectivos que debe acadar o alumnado na etapa de EP.
- Expresión oral e escrita: é outro dos principais obxectivos que se deben acadar ao finalizar a etapa.
- As tecnoloxías da información e comunicación: tendo en conta que a escola é a porta cara o futuro, debe ir en consonancia coas novas esixencias formativas da sociedade.
- Emprendemento: afianzarán o espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, o traballo en equipo, a confianza en si mesmo e o sentido crítico.
- Educación cívica e constitucional: ten como obxectivo axudar a analizar criticamente a realidade e favorecer a convivencia. Ademais destes, desde a área de lingua castelá contribuiremos ao desenvolvemento, principalmente, dos seguintes valores: igualdade entre homes e mulleres, prevención e resolución pacífica de conflitos, situacións de risco, educación e seguridade viaria, así como desenvolvemento sostido e medio ambiente.

#### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

Na escola do Resío, pretendemos que o noso modelo de educación sexa integral favorecendo o desenvolvemento de capacidades, valores e procedementos na aprendizaxe da rapazada. Deste xeito, convertémonos nun profesor a do mediador que trata de que os nosos alumnos desenvolvan as súas capacidades (ensinar a pensar) e valores (ensinar a querer). Todo isto dentro dunha aprendizaxe global que busca a integración do maior número de aspectos posibles recollidos dentro dos diferentes núcleos de contidos, relacionando coñecementos, procedementos e actitudes.

No noso traballo diario utilizaremos os modelos metodolóxicos (discurso expositivo, discurso de experiencias, desempeño de tarefas, aprendizaxe cooperativa, obradoiros, traballo por proxectos,...), consideremos mellores para adquirir os nosos obxectivos. Poñeremos especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. Tentarase a realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

Na nosa escola, o profesorado busca que o seu currículo sexa quen de satisfacer as necesidades de todo o alumnado, que no proceso de aprendizaxe TODO o alumnado, debe participar na aprendizaxe a través das distintas opcións que lle ofrece o profesorado para recibir un ensino de calidade. Basámonos no Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA).

Este modelo de ensino contribúe a acadar o cuarto Obxectivo de Desenvolvemento Sostible (ODS) que ten como obxectivo garantir unha educación inclusiva e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe para todos. Noutras palabras, a DUA proporciona ao profesorado un marco para mellorar e flexibilizar o deseño do currículo e ofrecer oportunidades de aprendizaxe para todo o alumnado.

Así, a DUA é un modelo de ensino que ten como obxectivo a inclusión real de todo o alumnado nas aulas. Non só ten en conta a diversidade da aula e promove a igualdade de oportunidades no acceso á educación. Tamén suxire flexibilidade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación para que os profesores poidan satisfacer todas as necesidades da súa aula. Ademais, a DUA ofrece estratexias e plans de acción que benefician a todo o alumnado en calquera etapa educativa e en todas as materias e é compatible con calquera outra metodoloxía (aprendizaxe por problemas, gamificación, aprendizaxe por proxectos, aprendizaxe cooperativa, etc.). aula, aprendizaxe baseada en xogos, aprendizaxe 3.0, Designthinking, aprendizaxe por descubrimento, entre outros).

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias. Procuraremos a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias ; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de calquera tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros organizarán a súa práctica docente de forma que se garanta a

- O punto de partida da aprendizaxe do alumnado son os coñecementos previos.
- Tense en conta que os nenos/as aprendan de distintas formas e a ritmos diferentes polo que se flexibilizarán as tarefas de modo que tódolos

integrantes do grupo poidan participar.

- Considerarase o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe, dándolle así aos alumnos/as confianza en si mesmos/as.

Un dos elementos clave no ensino por competencias é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe. Os métodos docentes deberán favorecer a motivación por aprender nos alumnos e alumnas e, para tal fin, os profesores deben ser quen de xerar neles a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e valores presentes nas competencias. Así mesmo, co propósito de manter a motivación por aprender, é necesario que os profesores procuren todo tipo de axudas para que os estudantes comprendan o que aprenden, saiban para que o aprenden e sexan quen de usar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.

Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias requírense, ademais, metodoloxías activas e contextualizadas. Aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais serán as que xeren aprendizaxes máis.As metodoloxías activas débense apoiar en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.

Para un proceso de ensino-aprendizaxe competencial as estratexias interactivas son as máis adecuadas, ao permitir compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.

As metodoloxías que contextualizan a aprendizaxe e permiten a aprendizaxe por proxectos, os centros de interese, o estudo de casos ou a aprendizaxe baseada en problemas favorecen a participación activa, a experimentación e unha aprendizaxe funcional que vai facilitar o desenvolvemento das competencias, así como a motivación dos alumnos e alumnas ao contribuír decisivamente á transferibilidade das aprendizaxes. O traballo por proxectos, especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias, baséase na proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico. Esta metodoloxía pretende axudar ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso en que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Favorécese, por tanto, unha aprendizaxe orientada á acción na cal se integran varias áreas ou materias: os estudantes poñen en xogo un conxunto amplo de coñecementos, habilidades ou destrezas e actitudes persoais, é dicir, os elementos que integran as distintas competencias. Así mesmo, resulta recomendable o uso do portfolio, que proporciona información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite compartir resultados de aprendizaxe. O portfolio é unha ferramenta motivadora para o alumnado que potencia a súa autonomía e desenvolve o seu pensamento crítico e reflexivo. transferibles e duradeiras. incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a vinte minutos.

É necesaria unha adecuada coordinación entre os docentes sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos débense propor unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas con criterios comúns e consensuados. Esta coordinación e a existencia de estratexias conxionadas permiten abordar con rigor o tratamento integrado das competencias e progresar cara a unha construción colaborativa do coñecemento.

Os principios metodolóxicos nos que nos basearemos son:

- Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA)
- Metodoloxía globalizadora que contribúe a interrelacionar coñecementos, capacidades ou destrezas e actitudes dentro dunha área e entre as diferentes áreas. Partirase dos coñecementos previos do alumnado e coa información presentada dun xeito determinado polo profesorado, reorganiza o seu coñecemento entrando en novas dimensións, transferindo ese coñecemento a outras situacións e descubriendo os principios e procesos que o explican. A formación parte integrante do alumnado desenvólvese ao tempo que se mellora a súa capacidade de organización e comprender outras experiencias, ideas, valores e procesos de pensamento que o farán adquirir dentro e fóra da aula.
- Aprendizaxe significativo: As tarefas e actividades deben incidir, en primeiro lugar, nos contextos cotiáns e presentan graos de dificultade diferente e crecente, adaptados á realidade do alumnado e alumnas e a súa contorna, que van dende cuestións sinxelas ata outras que requiren certo nivel de abstracción, con respostas elaboradas que esixen coñecementos de diversa índole que se deben adquirir previamente e que teñen para ser mobilizado. En todo caso, deben conter unha alta dose de realidade e actualidade, polo menos como punto de partida e reflexión. Potenciarase o traballo en equipo e cooperativo, simulando situacións de aprendizaxe significativas e contextualizadas dentro e fóra da aula.
- Aprendizaxe manipulativa que utiliza a manipulación de diferentes materiais para chegar á abstracción dun contido do concreto.
- Intelixencias múltiples: para adquirir habilidades vinculadas ao desenvolvemento natural e real de situacións cotiáns a acadar capacidades que lle outorgan flexibilidade e creatividade ao individuo afrontar novos retos.
- Investigación, elaboración de información e transmisión de información aos demais a través de diferentes medios en soporte papel ou dixital.
- Traballo por proxectos en Educación Infantil e nas áreas de C. Sociais e C. da Natureza no primeiro ciclo de Primaria. Nos outros niveis de Primaria tamén se poderán levar a cabo proxectos en función dos intereses do alumnado, profesorado ou situación sociais e de actualidade.
- Proxecto documental integrado de carácter anual de centro con traballos colaborativos de grande interese (temática partindo de intereses do alumnado, profesorado ou contorna).
- Potenciación das TIC como ferramenta de investigación, elaboración e transmisión de información. Tratarán de acadarse os obxectivos marcados no Plan TIC do centro para cada nivel educativo.
- Proxecto EDIXGAL EN 5º E 6º DE PRIMARIA.
- Fomento de diversas técnicas de estudo: lectura comprensiva, ideas principais, subliñado, esquemas, resumos,..., dependendo da área ou nivel. A metodoloxía empregada poderíamos resumila en:
  - Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
  - Exposicións por parte do docente.
  - Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiáns e contextualizadas para o alumno/a, que favorecen a súa comprensión e sempre apoiados polos recursos dixitais.
  - Tarefas e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, tarefas integradas, uso TIC e actividades e experiencias que traballan contidos fundamentais.
  - Tarefas vinculadas ao Proxecto anual de centro e outros Programas levados a cabo na escola.
  - Revisión de traballos e guía nas tarefas.
  - Control do traballo, rexistro diario, axendas, caderno, portafolios, probas competenciais.
  - Avaliación por parte do profesorado e autoavaliación do alumnado.

## e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Neste apartado imos expoñer principalmente a selección dos materiais e recursos empregados e nos centraremos principalmente nos recursos, libros de texto e materiais didácticos.

A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía. O profesorado implicarase na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes.

Potenciaremos o uso dunha variedade de materiais e recursos motivadores e enriquecedores para o alumnado, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

Trataremos de ofrecer ao alumnado material estimulante, variado e versátiles, que permiten múltiples usos e descubrimentos e que serven para desenvolver as diferentes dimensións da súa personalidade: afectiva, psicomotriz, intelectual e social:

- Uso habitual das TIC: PC de aula, canón e pizarra dixital de aula.
- Utilización da Aula Steam.
- Uso dos computadores da biblioteca.
- Utilización de aplicacións sinxelas que permiten a realización de diferentes tarefas.
- Emprego de recursos audiovisuais, priorizando o uso de imaxes, fotografías e vídeos
- Uso de actividades interactivas, animacións, vídeos,...
- Libros dixitais.
- EVA (Entorno Virtual de Aprendizaxe) para 5º e 6º de Primaria.
- Aula virtual, Web do centro e blogues.
- Materiais e recursos manipulativos.
- Xogos didácticos.
- Material de refugallo.
- Materiais da contorna, ambientais, aportados por alumnado, familias, profesorado e asociacións.
- Materiais elaborados polos docentes.
- Recursos persoais externos ao centro: familias, asociacións, Concello, Administración educativa.
- Libretas e cadernos de traballo e investigación.
- Material fotocopiado, imaxes.
- Material funxible preciso en cada titoría.
- Biblioteca do centro, de aula e distribuída.
- Material de laboratorio, aula de Plástica e Música e outros espazos do centro: patios, ximnasio, cociña, comedor,...
- Horto escolar.

Dende o Claustro entendemos que a utilización de libros de texto debe considerarse un eixo integrador dos contidos traballados, e tamén orientador, pero non o único recurso da proposta de Actividades. O equipo docente considera que o primordial é conseguir un equilibrio no uso das novas tecnoloxías, no uso do libro de texto e na elaboración de materiais por parte do profesorado e do alumnado.

Na elección da liña editorial tivemos en conta:

Que conteña os contidos curriculares segundo a lexislación vixente.

- Que a presentación dos contidos sexa clara e atractiva.
- Que contemple actividades para realizar con diferentes agrupacións,

roles e se adapte ás novas metodoloxías que queremos desenvolver.

- Ter unha boa proposta dixital e tecnolóxica.
- Que proporcione un bo material complementario tanto para o desenvolvemento como para a presentación.

O material de apoio das diferentes editoriais e Libros de texto seleccionados son os que se detallan na seguinte ligazón:

<https://view.genial.ly/62bde7a85c4a1b0019cb9199>

#### **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

A oferta educativa da nosa escola é de dúas etapas educativas:

- Educación Infantil
- Educación Primaria

En ambas etapas, ofértase a materia de relixión ou Educación en valores cívicos e sociais.

#### **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

Considéranse actividades complementarias as planificadas polo profesorado que utilicen espazos ou recursos diferentes ao resto de actividades ordinarias da área, aínda que precisen tempo adicional do horario non lectivo para a súa realización.

Son un complemento do currículo e traballaranse dentro do mesmo. Serán avaliábeis e obrigatorias tanto para os mestres como para os alumnos. Non obstante, terán carácter voluntario para os alumnos as que se realicen fóra do centro ou que precisen achegas económicas das familias, caso en que se garantirá a atención educativa dos alumnos que non participen nelas.

Para as saídas fóra do centro en horario lectivo, un grupo de alumnado irá acompañado polo titor/a e un docente especialista. No caso de ANEAE asistirá o persoal coidador do centro se houberse, priorizando as necesidades segundo os informes do Dto. de orientación.

Para as saídas fóra do centro en horario non lectivo, asistirá o docente que as organiza e outro docente voluntario que designe o equipo directivo, priorizando o coñecemento e contacto con ese alumnado. Para o profesorado que acompañe ao alumnado fora do horario escolar percibirá a dieta correspondente a 15 €/día. En caso de aportar o seu vehículo persoal recibirá a cantidade correspondente ao quilometraxe a razón de 0,19 €/quilómetro.

Para as saídas fóra do centro, as familias asinarán unha autorización a inicio de curso que sirva para todas as que se realicen neste período de tempo, sempre que sexan dentro da localidade. Cando sexan fóra da nosa localidade, solicitarase unha autorización. Aquelas actividades que requiran unha autorización especial, asinarase no momento anterior á súa

implementación. Todas as que non poidan ser gratuítas, as familias aportarán o custo das mesmas.

Tentarase que todos os niveis realicen algunha saída en cada un dos trimestres do curso. O alumnado deberá participar nas actividades integradas na Programación Xeral Anual cando sexan gratuítas.

Previamente á realización dunha saída didáctica comunicaráselles ás familias ou titores legais as características da actividade, solicitando que asinen a correspondente AUTORIZACIÓN, cando sexa fóra da localidade, xa que para dentro da mesma, asinan ao principio do curso escolar unha autorización xeral .

Excepcionalmente e aplicando o procedemento corrector, un alumn@ poderá ser privado/a do dereito a realizar unha saída didáctica ou calquera outra actividade, por presentar un problema de convivencia ou porque a súa participación puidese resultar perigosa para el/ela ou os seus acompañantes. Esta decisión será tomada pola Xefatura de Estudos e profesorado que interveña na actividade, comunicándolla previamente á familia. Neste caso, @ alumn@ poderá permanecer o tempo que dure na aula do curso máis afín.

#### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Por acordo do Claustro e do Consello Escolar, facúltase ás súas respectivas Comisións Permanentes a autorizar a inclusión neste plan básico aquelas actividades que ocasionalmente se propoñan ao longo do curso. Darase conta das mesmas nas primeiras sesións que celebren os devanditos órganos colexiados.

A planificación das actividades terán diferentes finalidades como:

- Contribuír á formación integral do alumnado mediante a interacción social.
- Fomentar o desenvolvemento das competencias clave.
- Desenvolver o sentido crítico e construtivo do alumnado mediante actividades de
  - Sensibilización sobre temas relacionados coa súa idade ou curso educativo.

De conformidade coas conmemoracións establecidas na Orde de Calendario Escolar, na escola conmemoraranse as seguintes datas:

- 20 de novembro de 2022: Día Universal da Infancia.

- 25 de novembro de 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
  - 3 de decembro de 2022: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
  - 10 de decembro de 2022: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2023: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2023: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 6 ao 10 de marzo de 2023: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 1 de abril de 2023: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2023: Día Mundial da Saúde.
- Do 17 ao 21 de abril de 2023: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2023: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2023: Día de Europa.
- Do 15 ao 19 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2023: Día Mundial do Medio Ambiente.

De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades espe-cíficas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

Tamén se levarán a cabo as seguintes festas:

Outubro:

- Samaín
- Día das bibliotecas



## Novembro

- Magosto
- Día Internacional contra a Violencia de Xénero Decembro
- Nadal

## Xaneiro

- Día Escolar da non Violencia e da Paz

## Febreiro

- Entroido (Pasarrúas)
- Día da Muller e a Nena na Ciencia
- Día de Rosalía de Castro

## Marzo

- Día Internacional da Muller
- Semana da Prensa
- Día da Poesía

## Abril

- Día do TEA
- Día do Libro
- Xornadas de Expertos

## Maio

- Día das Letras Galegas e os Maíos

## Xuño

- Festa de fin de curso

O propósito das actividades complementarias son:

- Completar a formación que reciben os alumnos nas actividades curriculares.
- Mellorar as relacións entre alumnos e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Permitir a apertura do alumnado cara ao contorno físico e cultural que o rodea.
- Contribuír ao desenvolvemento de valores e actitudes adecuadas relacionadas coa interacción e o respecto cara aos demais, e o coidado do patrimonio natural e cultural.

- Estimular o desexo de investigar e saber.
- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumno.
- Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e que realicen.

O Plan anual de actividades complementarias, figurará na PXA de cada curso.

Haberá un equipo de ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES cunha persoa responsable que coordinará o deseño das actividades e será o responsable de redactar o documento anual.

Todos os equipos e dinamizacións participarán na organización das actividades, polo que ao inicio do trimestre haberá unha reunión de responsables e coordinadores coa dirección do centro para planificar, organizar e facer propostas para as actividades anuais.

As propostas levaranse aos equipos de nivel para posibles aportacións, e posteriormente aos equipos de dinamización para colaborar conxuntamente na distribución de tarefas. Serán aprobadas pola CCP, Claustro de Profesorado e Consello Escolar.

Serán publicitadas e os resultados (fotos, traballos) publicaranse na Web do centro, blogues, espazo para cada aula e equipos de dinamización.

Tentarase fomentar a colaboración de toda a comunidade educativa, organización e institucións do entorno e participar nas propostas que chegan de organismos como o Concello de Vigo, Admón. Educativa e outros organismos.

En Infantil traballase por Proxectos. Dende a Biblioteca levase a cabo o Proxecto Documental Integrado do centro, este proxecto elíxese sempre pola maioría do profesorado a finais de curso e desenvolverase durante todo o curso escolar. Este proxecto interdisciplinar está programado verticalmente para ser levado a cabo por todo o alumnado da nosa escola. O desenvolvemento das actividades, levaranse a cabo, a través das aulas de titoría, apoiadas dende as aulas de educación musical, educación plástica (laboratorio das artes e das ciencias), a aula de tecnoloxías da información e da comunicación e a biblioteca do centro. Pero o proxecto pretende ir máis aló, pretendemos que invada a vida diaria do centro con actividades que permitan ao alumnado descubrir o mundo no que se desenvolve.

A temática anual permitiranos favorecer o coñecemento e o contacto directo coa literatura, coas tradicións orais, as lendas, e as tradicións. Ao mesmo tempo traballamos no coñecemento da natureza, o coidado da

contorna, a pradaría mariña da praia do Adro, a reciclaxe, a compostaxe,... moitas cousas, que se encauzaron a través da biblioteca creativa .

Tamén permite ampliar o vocabulario galego relacionado co mundo da escritura e da creación, dun xeito lúdico e divertido, xuntos, descubrimos moitas cousas .

Buscamos que o noso alumnado sexa consciente da importancia da literatura, das tradicións orais e escritas. Tamén faremos fincapé coa conservación do noso planeta. Día a día, normalizamos hábitos e costumes que fomentan o coidado do noso planeta, porque...utilizamos a regra dos tres R: reutilizar, reciclar e reducir, aprendimos que non é suficiente con reciclar o que gastamos, senón que debemos consumir menos. En definitiva, fixemos un consumo responsable. Traballamos na horta, utilizamos a composteira , . . .

Traballaranse e reforzaranse todos estes contidos fomentando o traballo en equipo e a participación da Comunidade Educativa nun proxecto común. O PDI, servirá de desculpa para o traballo de investigación, lecturas e desenvolvemento do noso alumnado adentrándoos no mundo da escritura. A escrita como medio de comunicación, expresión, creación, información e coñecemento aproveitando todos os recursos que contan na súa contorna.

Vincularemos o proxecto cos obxectivos do desenvolvemento sostible, axenda 2030, co obxectivo de mellorar a vida dos membros da comunidade educativa e non deixar a ningún a t r á s .

Ao longo de todo o curso estaremos a traballar co Sementando Palabras, os Enigmas do Doutor Bacilus, (un dos xogos propostos por Picolindo, mascota da biblioteca), a través das novas tecnoloxías e a aprendizaxe cooperativa .

A horta escolar mailo laboratorio das artes e das ciencias terán que ver coa parte práctica do proxecto que se desenvolverá posto que nos permite facer un traballo de c a m p o .

O desenvolvemento deste proxecto verase plasmado nun calendario anual e terá o seu momento especial cando polo mes de abril, e coincidindo co mes dos libros, os nosos alumnos e alumnas se convertan en " E X P E R T O S " . Estas conferencias permiten ao noso alumnado expresarse e falar en público co apoio do material dixital e plástico elaborado nas aulas. Estas conferencias son gravadas en vídeo co permiso das familias e son compartidas con toda a comunidade educativa a través do blogue da biblioteca "O BLOGUE DE P I C O L I N D O " .

E algo moi importante, tentaremos que dende o primeiro día as familias se impliquen e colaboren coa preparación destes “xogos” da escola do RESÍO . Tamén se participará noutros Plans e Programas convocados pola Admón. Educativa.

**h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
  - Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
  - Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
  - Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

- No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.
  - Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.
  - Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua: neste centro danse moitos casos de incorporación de alumnado que accede ao centro

unha vez iniciado ou xa moi avanzado o curso. Levarase a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo e traballarase na comunicación facendo moito máis fincapé a través de imaxes.

O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.

As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a área, a materia, en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e este deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado. O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo. En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

Con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo departamento de orientación do centro docente, que será arquivado no Expediente do alumnado e no Departamento de orientación.

**TOMARANSE AS SEGUINTEs MEDIDAS ORDINARIAS:**

- Adecuación das programacións as características do alumnado.
  - Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos da avaliación.
- Reforzo educativo e apoio por parte do titor.
- Reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Adecuación de las actividades a los diferentes niveles de competencia curricular do alumnado, respecto ao mesmo contido.

- Selección de diferentes materiais e recursos para a realización das actividades procurando a motivación do alumnado.
- Realización de actividades previas e complementarias ás propostas nas unidades.
- Fichas de reforzo e de ampliación de cada unidade elaboradas polo/ mestre/a, sacadas de libros de texto, sacadas doutros materiais didácticos; tendo sempre como base os contidos tratados nas unidades.
- Incidencia nos contidos que poidan supoñer máis dificultade.
- Ampliación, profundización e enriquecemento dos contidos tratados nas unidade mediante traballos de investigación e experimentación para o alumnado.
- Utilización dos recursos das páxinas web especializadas para reforzar ou ampliar os contidos tratados en cada unidade.

#### Tamén poderántomarse as seguintes MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

- Apoio do profesorado especialista en audición e linguaxe e pedagogía terapéutica

Cando un alumno/a promocióne con algunha materia pendente farase o Plan individual de Reforzo educativo. Centrarase nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que debería desenvolver o alumnado para superar o curso e que lle permitan continuar o seu itinerario formativo. Cando algunha das áreas non aprobadas supérense en cursos superiores, consideraranse recuperadas para todos os efectos.

No Plan individual de Reforzo educativo elaborado polo profesorado en colaboración co departamento de orientación do centro destacan os seguintes puntos:

- Situación específica que require reforzo educativo
- Ámbito a reforzar (familiar, social, curricular...)
- No ámbito curricular: aspectos básicos a tratar, metodoloxía, materiais de apoio e avaliación.
- Organización do reforzo: áreas, recursos persoais, temporalización e observacións.
- Un seguimento e valoración do plan de reforzo: o equipo docente con reunións programadas e as valoracións e acordos e tamén para as familias.
- Seguimento mensual do alumno/a valorando o ámbito de traballo.
- Informe final de curso cun programa de reforzo indicando a situación

específica que require reforzo educativo, a síntese do historial educativo, aspectos relevantes que dificultan ou favorecen a aprendizaxe, ámbito e áreas que necesitan o reforzo educativo e recomendacións para traballar co alumno/a.

**i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

Farase en base á lexislación vixente: ORDE do 8 de setembro de 2021 polo que se desenvolve o DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

- O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos
- Identificación da alumna ou do alumno.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación da información á familia.

1. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Se desenvolverá no marco da aula ordinaria e se porán en marcha mecanismos para que o alumno/a recupere os hábitos e coñecementos non adquiridos nas áreas nas que ten dificultades. Incidirase na consecución das competencias básicas, especialmente na capacidade de comprensión e expresión do alumnado e na resolución de problemas, sentando as bases

de todo o aprendizaxe posterior.

## OBXECTIVOS

O obxectivo xeral do Plan é que o alumnado recupere os hábitos e coñecementos non adquiridos e sente as bases de todo o aprendizaxe posterior.

Para iso se establecen os seguintes obxectivos máis concretos:

- Favorecer o rendemento e a aprendizaxe do alumnado.
  - Contribuír ó desenvolvemento integral do colectivo ao que se dirixe o Plan nos distintos ámbitos: físico, social, emocional, cognitivo e lingüístico.
  - Motivar ao alumnado cara a consecución de logros na súa aprendizaxe, partindo dun certo grao de éxito nas tarefas formativas que se lle encomende.
    - Desenvolver no alumnado habilidades sociais, hábitos de traballo individual e a aprendizaxe de técnicas de estudo que conduzan ao logro da competencia de aprender a aprender, como base para o desenvolvemento das outras competencias básicas.
    - Proporcionar novas estratexias de organización no grupo e estimular a intervención na aula.
    - Implicar ás familias na posta en marcha das actuacións previstas no programa.

## DURACIÓN DO PLAN. FASES

- Fase diagnóstica (mes de xuño)
- Fase de inicio (mes de setembro - outubro)
- Fase de seguimento (resto do curso)
- Fase final ou avaliación (xuño)
- Fase de revisión (primeiro trimestre do curso seguinte)

### 1. Fase diagnóstica (mes de xuño)

Na última sesión de avaliación e dentro do proceso de ensino aprendizaxe, o mestre/a titor/a, atendendo ó exposto sobre promoción na Orde de Avaliación en Educación Primaria, adoptará as decisións sobre que alumnado, por presentar dificultades e problemas na aprendizaxe, vai permanecer un curso ano máis no mesmo curso e, participará no Plan.

No Informe de Avaliación Final, recollerá toda a información do alumno/a que poida ser relevante e que facilite o coñecemento das dificultades que



amosa na súa aprendizaxe, o grao de desenvolvemento das competencias básicas e obxectivos xerais, e as propostas de mellora.

A orientadora proporcionará ó titor/a un Informe para o D.O.

O titor/a poderá recomendar ás familias materiais para o traballo durante o verán. Se a familia o demanda e existe un compromiso se poderá proporcionar algúns materiais concretos dende o Centro. Principalmente as actividades irán enfocadas á adquisición de hábitos de estudo e ó traballo das materias instrumentais.

2.Fase de inicio (mes de setembro - outubro)

Ó comezo do curso a secretaría entregará a documentación de cada titoría cos informes do curso anterior.

Nas primeiras semanas o titor/a e profesorado de área realizará a avaliación inicial do seu alumnado, e posteriormente realizaranse as reunións pertinentes en coordinación co D.O. para planificar as actuacións necesarias e deseñar, tomando como referente toda a información dispoñible, un Plan Individualizado para aplicar dentro da aula ordinaria.

Nel se planificarán as actuacións e recursos ordinarios para a atención do alumno/a repetidor/a e no que quedará recollida toda a información relevante do alumno coa finalidade de sistematizar o seu seguimento.

Os mestres que interveñen na aula, coordinados polo titor/a, iniciarán a aplicación do Plan para cada alumno, en función das necesidades que presente.

Establecerase unha entrevista inicial coa familia na que asumirán un compromiso por escrito de colaboración.

3. Fase de seguimento (resto do curso)

Os titores/as levarán á práctica estratexias organizativas e de funcionamento de traballo coordinado segundo as Programacións para o Plan Individual.

Teranse en conta na organización das experiencias de aprendizaxe

- A repetición continuada para favorecer o afianzamento. É o caso do hábito lector e as operacións matemáticas.

- Os coñecementos previos, para construír sobre o aprendido e adquirir cada vez máis complexos de habilidades.

- O consenso e a unificación de criterios entre o profesorado, para o cal é imprescindible a coordinación e o intercambio de información.

- Durante esta fase de traballo diario dentro da aula, levarase a cabo un seguimento personalizado de cada alumno/a para comprobar a

efectividade das estratexias planificadas ou a recondución das mesmas.

Trimestralmente, nas reunións ordinarias do equipo de ciclo se realizará un seguimento do grao de consecución do Plan e se incorporarán as modificacións e melloras que se consideren oportunas.

As decisións deberán quedar reflectidas no apartado do Plan que faga referencia ó seguimento do mesmo.

Nas sesións de avaliación valorarase o traballo desenvolvido polo alumno/a ntrimestre. De igual modoe, nas reunións do Departamento de Orientación se revisará a súa situación periodicamente.

#### 4, Fase final ou avaliación (xuño)

Os indicadores de avaliación do alumno/a se construírán tendo en conta os seguintes aspectos:

- Progreso nos resultados das avaliacións: número de áreas con cualificación global positiva conseguidos polo alumno/a con respecto á avaliación do curso anterior.

- Progreso na avaliación en canto a actitude.
- Autoestima e confianza en si mesmo.
- Relación do alumno/a cos mestres/as.
- Relación cos compañeiros.

Tamén se levará a cabo a valoración do Plan.

#### 5. Fase de revisión (primeiro trimestre do curso seguinte)

Dende o D.O. farase o seguimento do alumnado no curso seguinte. No caso de 6º de E. Primaria se axuntarán os resultados das actuacións do Plan ó informe individualizado da aprendizaxe para que no centro de E.S.O. poida continuar a súa aprendizaxe sen dificultades.

#### DESTINATARIOS

Serán destinatarios do Plan Específico de Reforzo e Recuperación:

- O alumnado de Educación Primaria que, escolarizado no centro deba permanecer un curso adicional en calquera ciclo da etapa.
- O profesorado do centro, e sobre todo, os mestres tutores/as que se farán cargo do Plan.
- As familias, que deberán adquirir o compromiso explícito de colaborar co centro e garantir o seguimento do Plan levado a cabo cos seus fillos/as, dado que os seus beneficios repercutirán na súa propia estima persoal e na familia.

## ORGANIZACIÓN

O centro promoverá compromisos educativos entre as familias ou titores legais e o propio centro nos que se consignen as actuacións que conxuntamente se comprometen a desenvolver para mellorar o rendemento académico do alumnado participante no programa.

As programacións docentes incluírán o Plan Específico de Reforzo e Recuperación ó alumnado que non promociona de curso, que se corresponde co presente documento.

Este Plan pretende servir de base para a elaboración de plans de intervención de materiais de traballo para que este alumno poida superar ás súas dificultades escolares, tendo en conta os recursos e o contexto sociocultural e familiar do centro.

Fomentarase a coordinación entre o titor/a, profesorado, equipo directivo, departamento de orientación e familia.

## PROFESORADO

O mestre titor/a será o referente fundamental deste alumnado para levar a cabo o programa con éxito. Debe ser o mediador que favoreza a integración do alumnado no novo grupo.

En calquera caso, levaranse a cabo por parte do titor/a:

- Funcións de guía e orientación. Proporcionándolles no seu caso os materiais axeitados.
- Estimularán ó alumnado para que alcance polo seu propio esforzo os obxectivos marcados.
- Axudarán ó alumnado na organización do traballo e na adquisición de hábitos de estudo.
- Valorarán o seu esforzo e constancia.
- Desenvolverán o Plan fomentando no traballo de aula a manipulación, observación, experimentación e concreción verbal das actividades.
- Potenciará no alumnado as súas capacidades e a suficiente responsabilidade como para enfrontarse con éxito a diferentes situacións.

Poderanse establecer protocolos dentro da organización xeral do centro para contar cos mestres/as con dispoñibilidade horaria para realizar puntualmente algún reforzo dentro da aula nas áreas instrumentais.

Estableceranse reunións periódicas entre os titores/as e a familia do alumnado sobre o que se aplica o Plan e analizarase o avance respecto ó

curso anterior, recollendo os temas tratados e os acordos.

## NA AULA

As actuacións que se realicen seguindo o Plan deberán estar integradas na programación docente, implicando ó profesorado que entra na aula e tamén ó resto de axentes educativos.

- Farase especial fincapé nas actividades que permitan adquirir as habilidades de lectura comprensiva, expresión escrita e oral, conceptos e operacións matemáticas básicas e resolución de problemas, reforzando estes aspectos en todas as áreas.

- Traballarase na clase de modo organizado, realizando actividades que conduzan á adquisición de hábitos de traballo e estudo, incidindo no empeño de conseguir os propósitos e valorando o seu esforzo.

- Durante as áreas instrumentais realizaranse actividades programadas de consolidación dos coñecementos esenciais, graduando a dificultade en función do grao de adquisición das competencias básicas.

Teranse en conta algúns dos problemas máis comúns ós que se enfrenta ó alumnado:

- Escasa capacidade receptiva e memorística.
- Falta de interese por aprender co conseguinte abandono.
- Falta de ambiente de estudo na casa, o que repercute negativamente na motivación.
- Pouca axuda en casa por problemas familiares.
- Pouco sentido da responsabilidade.
- Non saben estudar ou teñen falta de hábito de estudo.
- Non aproveitan o tempo nin saben organizarse.
- Problemas coa competencia lingüística.
- Deficiencias emocionais.
- Incumprimento das normas.
- Poucos estímulos culturais.
- Poucas actividades educativas para o tempo de ocio.
- Moitas horas sos na casa debido ó traballo dos pais.

Se o titor/a o considera oportuno, podería introducir como estratexia metodolóxica a monitorización entre iguais, onde un alumno máis avantaxado pode axudar ós seus compañeiros, revisando o titor/a a dinámica do traballo.

Tamén é interesante que un compañeiro responsable poida confirmar

periodicamente que o alumno/a anota os deberes e traballos na axenda e a supervisión da mesma por parte do profesor/a de apoio co que está a traballar.

## TRABALLO COAS FAMILIAS

É necesaria a colaboración entre a familia e a escola para que o potencial educativo de ambas institucións se vexa reforzado, aporte confianza e se favoreza o desenvolvemento xeral do alumnado, e consecuentemente, a boa disposición cara as aprendizaxes.

Dende o centro o titor/a debe incidir nas familias para que sexan conscientes de que eles poden influír positivamente no éxito escolar dos seus fillos e tratar de conseguir a súa implicación nas tarefas escolares, para o cal adquirirán o compromiso explícito de colaborar co centro e garantir o seguimento do Plan.

Polo tanto, a familia comprometerase a interesarse polo traballo escolar do alumno/a, a que asista continuamente ó centro cos materiais necesarios, o seguimento da axenda escolar e realización das tarefas propostas nela, entrevistas periódicas co titor/a, etc.

Entre os criterios para traballar a coordinación coa familia dende distintos aspectos, deberase polo menos incluír:

1. Destacar aspectos positivos dos alumnos.
2. Non culpabilizar.
3. Consensuar metas. Establecer estratexias para informar á familia dos obxectivos e tomar acordos para logralos.
4. Dende as titorías deberase facer un esforzo especial para a coordinación cos mestres de apoio e ter un seguimento exhaustivo e constante dende o inicio de curso. Convocarase unha serie de entrevistas entre o titor/a e as familias, coa posibilidade de que poida asistir algún membro do D. O. para analizar os avances e dificultades do alumno/a e para valorar o seguimento do Plan.
5. Tamén pode resultar interesante para o mestre da materia onde o alumno/a amosa dificultades o intercambio de información con respecto ás persoas que traballan co alumno fóra do centro (gabinete, educadora familiar, etc...).
6. Confianza e valoración mutuas para potenciar a calidade nas comunicacións.

7. Proporcionar orientacións ás familias sobre como axudar ós seus fillos/as
  8. Inculcar unha actitude positiva cara as tarefas escolares.
  9. escoitar ós fillos/as, tentando captar a mensaxe do que quere transmitir.
  10. Propoñer metas que poidan alcanzar.
  11. Motivalos para a consecución de logros e superación de dificultades e valorar o esforzo e os logros, por pequenos que parezan.
  12. Expresar cariño verbal e fisicamente. MATERIAL DE APOIO. RECURSOS
- En canto ós recursos persoais, contarase sempre que sexa posible, co profesorado que teña dispoñibilidade horaria, para realizar reforzos nas áreas instrumentais.

Como recursos materiais, o titor/a empregará os que mellor se adapten ás características de cada alumno/a:

- Material de aula.
- Caderniños de traballo, axenda.
- Xogos
- Biblioteca e espazos do Centro.
- Equipos informáticos.
- Materiais da aula de Pedagogía Terapéutica e do D.O.
- Outros.

Os/as titores/as deberán buscar, en coordinación coa mestra de apoio, os materiais máis oportunos e programarán as actividades para que o alumno/a poida lograr os obxectivos propostos no seu programa específico. Haberá que preparar un plan específico para traballar durante o verán, centrado naquelas materias que non superaron ó longo do curso. Estas actividades estarán tamén enfocadas á adquisición de hábitos de estudo e traballo. Daráselle maior importancia ás materias instrumentais (linguas e matemáticas).

## VALORACIÓN DO PLAN

Ó longo do mes de xuño realizarase a valoración da aplicación do Plan e do progreso do alumnado participante, por parte dos mestres/as titores/as responsables de cada alumno/a.

Dita valoración incluírase na Memoria do Centro. Terase en conta:

- O funcionamento do Plan Específico de Reforzo e Recuperación para o alumnado repetidor.
- Os resultados escolares dos alumnos/as e as valoracións do profesorado que intervén no Plan, sobre o seu progreso, a súa autoestima, integración social, a mellora con respecto á satisfacción persoal, confianza en si mesmo, relacións cos compañeiros, etc.
- A opinión das familias sobre a súa satisfacción co Plan e a súa percepción sobre a evolución escolar do alumnado participante.

**j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

Referentes legais.

- ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- Orde do XX de XXXX de 20XX pola que se aproba o calendario escolar para o curso 20XX/XX nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Real Decreto 984/2021, do 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o

Bacharelato e a Formación Profesional.

- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Avaliación inicial

Durante o primeiro mes de cada curso escolar a persoa titora realizará unha avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe. Farase analizando o expediente do alumnado, observación do traballo diario, fichas, caderno de traballo, probas orais ou escritas se é o caso.

Na primeira semana do mes de outono celebraranse as sesións da avaliación inicial para comprobar o nivel nas competencias e a competencia curricular do alumnado.

Os resultados de selo caso reflectiranse no XADE e informaranse ás familias dos resultados en reunións de titoría ou vía telefónica, de selo caso.

Aspectos xerais da avaliación

- Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, respectando as diferenzas individuais..

- No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

- Avaliaranse tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a propia práctica docente, para o cal se establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

- Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirille a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

- A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

- A avaliación realizarase seguindo criterios obxectivos:



- Facer públicos os procedementos e os criterios xerais de avaliación e promoción que a comisión de coordinación pedagóxica e o equipo docente establezan.

- Cada equipo docente, ao comezo de cada do curso, informarán o alumnado e ás súas respectivas familias sobre os obxectivos, contidos, procedementos, instrumentos e criterios de avaliación e cualificación das diferentes áreas, incluídas as materias pendentes de cursos anteriores, e os procedementos de recuperación e de apoio previstos. Así mesmo, informarán dos criterios de promoción. A dirección do centro responsabilizarase de que a información sobre a avaliación e os seus procesos sexa accesible e se lle dea publicidade de xeito manifesto para toda a comunidade educativa (web do centro).

- A persoa docente titora e o profesorado das distintas áreas, manterán unha comunicación fluída, no relativo ao proceso de aprendizaxe, co alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal.

- Reunións trimestrais de grupo clase.
- Titorías semanas os martes de 16.00 a 17.00 h, presencialmente ou vía telefónica.
- Emprego da axenda diariamente.
- Emprego do email corporativo de cada docente.
- Abalar Móbil.
- Web do centro e blogues de aula.
- EVA (Entorno Virtual de Aprendizaxe en 5º e 6º niveis).

Criterios de avaliación.

Os procedementos empregados servirán para obter información cualitativa (subxetiva) e cuantitativa do progreso do alumno nas áreas e nas competencias. A avaliación será criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso..Para cualificar, atendendo aos criterios establecidos, empregaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

**OBSERVACIÓN DIRECTA E SISTEMÁTICA DO DÍA A DÍA:** Periódicamente

- Listas e fichas de control: cadro no que figura por un lado a lista de alumnos e por outro as condutas que se desexan observar con ítems definidos.

- Rexistro anecdótico: descripcións de comportamentos e actitudes que se consideran importantes por parte dos alumnos. Anotaranse situacións que

se estima deben estar presentes. Este tipo de evaluación realizase en calquera ocasión como por exemplo mentras se observa ao alumnado traballando, ou despois dunha actividade na que todos participaron. Tamén pode recoller incidentes que son significativos en relación a un alumno determinado.

• Diario de clase: rexistro dos resultados das actividades realizadas na aula, individualmente. Será un dos procedementos de avaliación:

- Participación activa na clase.
- Motivación.
- Iniciativa.
- Creatividade.
- Traballo individual.
- Esfuerzo e perseverancia
- Disfrute das actividades individuais e colectivas
  - Grao de respecto polas producións e intervencións dos seus compañeiro
  - Grao de adquisición de aprendizaxe básicos
  - Responsabilidade no coidado dos materia de uso común da clase
  - Uso axeitado e guiado do ordenador
  - Utilización de Internet de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela o resolver unha actividade.
- **PROBAS COMPETENCIAIS ORAIS.** As Probas ou exercicios orais formaran parte das actividades do día adía dentro do desenvolvemento normal da clase. Dada a importancia do carácter oral da lingua galega, serán unha importante ferramenta para avaliar as actividades diarias e a progresión na adquisición dos contidos e competencias básicas. Consideraranse probas orais todos aqueles exercicios orais que se realizan normalmente na clase para comprobar a evolución do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
  - Exposición ou intervección
  - Debates e ou diñálogos
  - Series numéricas
  - Lecturas de textos, números...
  - Medir e pesar
  - Entrevista persoal
  - Cuestionario directo
  - Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha)
  - Grao de exactitude nas respostas ás preguntas realizadas
  - Expresión oral do procedimiento seguido ao resolver unha actividade

- Coherencia e adecuación na exposición
- Grao de creatividade das actividades propostas
- Mensaxe estruturado
- Uso adecuado do vocabulario/estrutura específico do tema
- Adecuación da resposta á pregunta realizada
- Asimilación dos conceptos

**PROBAS COMPETENCIAIS ESCRITAS.** Realizaremos nos cursos superiores, unha proba escrita por unidade para comprobar a evolución do proceso de ensinanza-aprendizaxe e para avaliar aspectos concretos da unidade en cuestión.

- Describir procesos.
- Contestar preguntas
- Interpretar mapas, planos...
- Interpretar táboas e gráficos.
- Describir e clasificar.
- Probas específicas globais ( numeración, cálculo, problemas, xeometría.

)

- A nota da proba calificará sobre 10 puntos. Para que o alumno/a consiga a puntuación completa dentro de cada pregunta é necesario que as respostas sexan correctas.
- Orde e limpeza na resolución das probas.
- Grao de creatividade nas actividades propostas.
- Uso do vocabulario do tema.
- Grao de exactitude nas respostas ás preguntas realizadas
- Realización sen axuda externa
- Cálculo
- ...

**AUTOAVALIACIÓN:** O alumnado logo de finalizar unha tarefa anotará unha serie de factores que determinaron o seu traballo. O que lle permite tomar conciencia dos desafíos aos que se enfrenta que elementos ou dificultades atopou no traballo sexa individual ou en grupo e como melloralo no futuro. Permitirá ao alumno descubrir como aprende. A autoevaluación permite tomar conciencia ao alumno de que el é o responsable e parte fundamental do seu propio aprendizaxe.

- Opinión persoal do traballo e como se levou a cabo.
- Capacidade de reflexión crítica sobre as súas creacións.
- Dificultades que atopou.

- Estimación do que sabía e o que aprendeu.
- Que foi a que lle resultou máis interesante.

COAVALIACIÓN. O equipo de traballo logo de finalizada unha tarefa (producción) anotarán unha serie de factores que determinaron o traballo dos seus compañeiros.

- Opinión persoal do traballo dos compañeiros.
- Reflexión crítica e imparcial sobre as creacións elaboradas polos seus compañeiros.
- Grao de respecto polas producións e intervencións dos seus compañeiros.

TRABALLOS OU PRODUCIÓNS. Serán os produtos finais que se alcanzarán como remate das tarefas en diferentes contextos de aplicación, xa sexa de forma individual ou grupal:

- Pequenos proxectos
- Proxecto do centro
- Actividades de busca de información
- Exposicións orais
- Actividades de creación
- Exercicios diarios no caderno, libro de actividades, fichas...
- Actividades dixitais
- Outras actividades propostas na clase
- Orde e limpeza na presentación das tarefas propostas
- Uso de vocabulario específico apropiado
- Nivel e calidade dos pequenos proxectos
- Información axeitada
- Nivel e calidade das exposicións orais
- Valoración das actividades dixitais
- Análise do caderno de clase do alumno/a
- Análise do libro de actividades do alumno/a
  - Análise de textos escritos, fichas, traballos individuais, traballos colaborativos...

RÚBRICAS. Non se considerarán como un procedemento ou un instrumento en si mesmo senon como o medio a través do cal definir os niveis do logro dos estándares en contextos de aplicación:

- exposicións orais,
- presentacións dixitais,

- actividades de creación individuais ou grupais,
- outras actividades propostas na clase, de xeito que poidan servir para valorar o grao de aprendizaxe alcanzado polo alumno e coñecementos e competencias, e tamén para poder xulgar o proceso que supón toda aprendizaxe, o nivel de logro das mesmas e a calidade de traballo levado a cabo polo alumnado.

Sesións de avaliación. Cada titor ou titora coordinará as sesións de avaliación do equipo de mestres/as que imparte clases ao seu grupo de alumnos e alumnas. Tamén asistirá o profesorado que fai reforzos no grupo, un membro do Equipo directivo e o orientador/a do centro.

En cada sesión de avaliación o profesorado avaliará os procesos de ensinanza e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias. Esta avaliación incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:

- Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación.
- Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado de cada unha das súas partes e eficiencia das medidas curriculares e organizativas.
- Medidas de atención á diversidade aplicadas.
- Clima de traballo na aula.
- Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.

As conclusións da avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente poderán incluír propostas de mellora. Unha síntese desas conclusións formará parte da memoria final de cada un dos cursos.

- Os acordos dos equipos de avaliación serán tomados de maneira colexiada.
- Despois de cada sesión de avaliación, cada titor ou titora cubrirá as actas que serán asinadas por todo o profesorado, así como os demais documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos. Unha vez rematada a sesión **NON SE PODE CAMBIAR NINGUNHA NOTA**, sendo preciso para tal fin convocar a todo o profesorado a outra sesión.
- As sesións de avaliación deberán celebrarse antes do Nadal no primeiro trimestre, antes de Semana Santa no segundo trimestre, se fose posible, e

antes de finalizar o curso, no terceiro trimestre. Levaranse a cabo presencialmente na sala de profesorado ou virtualmente pola plataforma Cisco Webex (dependendo da situación).

Ao inicio de curso a CCP aprobará o calendario de avaliacións que estará exposto no taboleiro da sala de profesorado.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

A nota das cualificacións numéricas trimestrais serán as obtidas despois de realizar os cálculos das porcentaxes dos aspectos a cualificar, especificados nos criterios de cualificación de cada área. En caso de obter números decimais, a nota será redondeada ao número natural máis próximo.

Os resultados da avaliación das competencias clave reflectiránse na acta de avaliación final de cada curso, expresándose nos termos de «Insuficiente (IN)», para as cualificacións negativas, e «Suficiente (SU)», «Ben (BE)», «Notable (NT)» ou «Sobresaliente (SB)», para as cualificacións positivas.

As actas reflectirán os resultados da avaliación nos termos establecidos anteriormente e expresarán, de ser o caso, as medidas de reforzo educativo (RE) ou adaptación curricular (AC) que correspondan.

#### Información ás familias

O titor ou titora deberá informar regularmente ás familias do seu alumnado en relación cos progresos e dificultades detectados no desenvolvemento das competencias establecidas na programación docente.

Trimestralmente, informarase dos resultados das avaliacións por escrito no boletín de información do Xade Web que mencionamos con anterioridade e pola aplicación Abalar Móbil. As cualificacións só serán publicadas pola aplicación Abalar Móbil dende o Equipo Directivo. Os boletíns informativos serán entregados, en soporte papel, e persoalmente

polos titores nunha xuntanza que terá lugar na aula do alumnado. Esta xuntanza pode ser de gran grupo, o a nivel individual.

Criterios de cualificación.

Os criterios de cualificación para as diferentes áreas serán especificados polos docentes nas programación didácticas.

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa de Primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos (primeiro, terceiro e quinto) da etapa será automática.

- O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

- Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.

- Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na

seguinte etapa escolar.

- A elaboración do informe ao finalizar os cursos 2, 4º e final de etapa sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte, recollerán datos relevantes sobre aspectos persoais e académicos do alumnado de cara á promoción ao seguinte ciclo ou etapa, recollendo os seguintes puntos:

- DATOS PERSOAIS
- DATOS FAMILIARES RELEVANTES
- DATOS ACADÉMICOS
  - Datos significativos anteriores de escolarización.
  - Resultados da avaliación continua.
  - Grao de desenvolvemento das competencias.
  - Nivel de consecución dos obxectivos de etapa
  - Actuacións e medidas de atención á diversidade. Indicadores de debilidades e fortalezas do alumno/a.
- OUTROS DATOS DE INTERESE

VALORACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA POR PARTE DO PROFESORADO.

- Decisión dos criterios de promoción por áreas para os tres ciclos de primaria.

- O alumnado promocionará cando:
  - Alcanza o desenvolvemento adecuado das competencias básicas así como un axeitado grao de madurez consorte a súa idade, é dicir, cando é avaliado positivamente en todas as áreas de aprendizaxe.

- Tódolos alumnos que non acaden un suficiente en tres áreas ou dous en caso das linguas e matemáticas serán susceptibles de non promocionar.

- Tódolos alumnos que non acaden un suficiente en tres áreas ou dous en caso das linguas e matemáticas serán susceptibles de non promocionar. Será o equipo docente do grupo quen adoptará a decisión de forma colexiada tendo en conta os criterios de promoción e considerando os seguintes aspectos:

- Grao de adquisición das competencias
- Informe do departamento de orientación e o titor sobre o contexto do alumno/a dentro do seu grupo-clase.
- Progresión, tomando como referencia a avaliación inicial (evolución



do alumno)

- Farase unha avaliación por Competencias tendo en conta a contribución de cada área para acadar un grao aceptable das competencias. Estas cualificacións reflectiranse nas actas de avaliación final.

En situacións excepcionais, cando un alumno ou alumna non acade o desenvolvemento adecuado das competencias, pero debido a circunstancias especiais considérase que debería promocionar ao curso ou etapa seguinte, poderá facelo sempre e cando se conte cun informe favorable do equipo de orientación e cun informe de cada mestre que imparte docencia nese grupo argumentando o seu posicionamento. A decisión final será a acordada polo 100% dos compoñentes da comisión de avaliación tras valorar estes informes.

Na sesión de avaliación valoraranse, de ser o caso, as medidas extraordinarias que precise o alumnado para o seguinte curso cando teña materias suspensas na avaliación ordinaria (repetición ou recomendación de agrupamentos flexibles, adaptación curricular, reforzo educativo por parte de especialista de PT e/ou AL).

**Decisión dos criterios de promoción por Competencias**

Farase unha avaliación por Competencias tendo en conta a contribución de cada área para acadar un grao aceptable das competencias. Estas cualificacións reflectiranse nas actas de avaliación final.

**AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

Un dos aspectos máis importantes no proceso de avaliación é o seu carácter corrector das desviacións que se poden producir ao longo do proceso de ensino. Así pois, é necesario que un dos obxectos de avaliación sexa a propia actividade, a súa planificación, o seu desenvolvemento e os resultados obtidos.

O obxectivo final é que a avaliación sexa parte integrante da actividade cotidiana da aula como mecanismo de reaxuste tanto do aprendizaxe do alumno/a como do propio proceso de ensino e a práctica docente.

**PROCESO DE ENSINO**

- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
- Conseguiuse crear situación que favoreceran as aprendizaxe.
- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física.

- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
- Contouse co apoio implicación das familias no traballo do alumnado.
- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE.
- Tomouse algunha medida organizativa para atender a alumnado con NEAE.
- Atendeuse adecuadamente diversidade do alumnado.
- Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
- Valorouse adecuadamente o traballo na aula.
- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

## PRÁCTICA DOCENTE

- As explicacións xerais para todo o alumnado foron axeitadas.
  - Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
  - Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade.
  - Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE.
  - Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
  - Intercálase o traballo individual e en equipo.
  - Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral.
  - Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe.
  - Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar.
- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das intervencións na aula no tocante ás probas, ,os exames,Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos.
- As medidas de apoio, reforzo,etc, establécense vinculadas aos estándares.
  - Avaliáase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,..
  - Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
  -

- 
-

- O alumnado será avaliado sistemática e periódicamente, tanto para medir individualmente os coñecementos e competencias adquiridos como para introducir no proceso educativo cantos cambios sexan precisos se a situación así o require.

#### **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

Criterios de outorgamento para mención honorífica

Artigo 5.4 da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os equipos docente decide que ainde que segundo o antedito artigo poden propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente, se toma a decisión de non entregar ningunha mención honorífica na etapa.

#### **l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

Segundo establece a lexislación vixente, os docentes do Resío, elaborarán a principio de curso, respectando os prazos establecidos, as programacións didácticas das áreas que imparte. A súa elaboración seguirá a lexislación vixente, o recollido no documento de concreción curricular e as instrucións de Inspección educativa.

Os mestres e mestras do centro seguimos unha serie de pautas á hora de elaborar as programacións de aula de cada curso, mantendo un esquema de referencia que nos permita levar a cabo un traballo común e consensuado en tódalas etapas educativas.

#### **INDICADORES DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE INFANTIL**

1. Introducción e contextualización
2. Contribución dende as áreas ao desenvolvemento das competencias

básicas.

3. Obxectivos, secuencia de contidos, temporalización e criterios de avaliación

4. Procedementos de avaliación

5. Instrumentos de avaliación

6. Metodoloxía didáctica considerando as competencias básicas como elemento organizador.

7. Materiais e recursos didácticos.

8. Medidas de atención á diversidade.

9. Concreción do plan TIC.

10. Concreción do plan de convivencia.

11. Educación en valores.

12. Actividades complementarias e extraescolares.

13. Procedementos para avaliar a propia programación.

#### INDICADORES DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE PRIMARIA

1.- Introducción e contextualización.

2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Relación de estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forma parte dos perfís competenciais.

3.- Concreción de obxectivos da etapa.

4.- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:

- 4.1.- Temporalización

- 4.2.- Grao mínimo de consecución para superar a materia.

- 4.3.- Procedementos e instrumentos de avaliación.

5.- Concrecións metodolóxicas.

6.- Materiais e recursos didácticos.

7.- Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

8.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

9.- Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.

10.- Medidas de atención á diversidade.

11.- Concreción dos elementos transversais.

12.- Actividades complementarias e extraescolares.

13.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.

**m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

Na actualidade e dende hai xa quince anos, a escola do Resío, participa nun Proxecto Anual de carácter integrador en tódolos niveis educativos da escola, co desenvolvemento do Proxecto Documental Integrado que parte da biblioteca do centro.

Ademáis, téntase participar noutros Proxectos e Programas de innovación educativa, de éxito escolar que a Admón. educativa convoque e que están nas liñas de traballo da escola. Estes Programas, ademais aportan ingresos monetarios o que sempre redunda no beneficio do centro para levar a cabo diversas actividades globalizadoras, integradoras, colaborativas, inclusivas e que fomenten a igualdade.

Na actualidade o centro está acollido aos seguintes programas:

- Plan Mellora Bibliotecas Escolares (PLAMBE).
- Biblioteca creativa.
- Clube de Lectura.
  
- Plan Recupéra-T (PROA e ARCO).
- Plan Proxecta +: Nós tamén creamos
- CP Innova
- CP Inclúe
- Proxecto EDIXGAL.
  
- Plan Director.
- Proxecto de fomento do uso do galego.
- POLOS CREATIVOS

O Equipo Docente, cre que a formación permanente do profesorado é fundamental e contribúe a mellora do labor docente na aula. É moi importante a formación en centros, polo que o equipo directivo considera imprescindible:

- Manter unha postura de apertura e colaboración co profesorado impulsando todas aquelas propostas que xurdan no centro e que teñan como fin incrementar a calidade do ensino.
  
- Informar de documentos, noticias,.. do seu interese.
  
- Facilitar a información precisa ao mesmo.
- Potenciar o traballo en equipo.

- Elaborar os horarios segundo os criterios establecidos permitindo que se cubran substitucións e se atenda ao alumnado con necesidades de apoio educativo.
- Implicar ao profesorado en actividades e iniciativas que se poñan en marcha no centro. Crear grupos de traballo,
- Facilitar a participación do profesorado nos cursos de formación organizados polo CEFOR. Na actualidade estase traballando as novas tecnoloxías, a robótica maila radio escolar.

#### **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

O Documento de Concreción Curricular, non é un documento ríxido e pechado senón que estará aberto en todo momento e permitirá incluír no mesmo todos aqueles cambios que sexan precisos. É un documento avaliable e revisable.

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar.

A destacar que axustaremos sempre o seu contido ás novas modificacións legislativas que vaian xurdindo.

Esta avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características tanto do centro educativo como do profesorado e do alumnado.

#### **o) Outros apartados**

##### **1. APROBACIÓN DO DOCUMENTO DE CONCRECIÓN CURRICULAR**

Este documento quedou aprobado o martes 7 de febreiro de 2023, en claustro extraordinario celebrado ás 18.15h.